



**Expediente núm.:** 442/2026

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Selección de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028

**Categoría profesional:** Monitor/a de ocio e tempo libre (IV)

**Sistema de selección:** Concurso – Oposición

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Tema:** Listaxe definitiva de admitidos e excluídos ao Proceso de selección de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV)

#### Antecedentes

1. Con data 05.03.2026 apróbanse por Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0234 as bases que rexerán o proceso selectivo de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV).
2. Con data 06.03.2026 publícanse na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] as referidas bases de selección.
3. Con data 23.03.2026 expirou o prazo de presentación de solicitudes de admisión obxecto da presente convocatoria.
4. Con data 21.04.2026 publicouse a Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0386 de Listaxe provisional de admitidos e excluídos ao Proceso de selección de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV).
5. Con data 24.04.2026 remata o prazo de tres (3) días hábiles para a presentación de reclamacións e emendas aos defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista provisional de persoas admitidas e excluídas do referido proceso selectivo.

Examinada a documentación e de conformidade co establecido nas bases que rexerán o proceso selectivo de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV) e o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Aceptar as emendas presentadas polas persoas aspirantes que figuraban como excluídas na Listaxe provisional de admitidos e excluídos ao Proceso de selección de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV), de acordo coa seguinte relación:

Apelidos e nome	NIF	Causa de	Data	Registro de
-----------------	-----	----------	------	-------------





		aleatorio	exclusión	subsana ción causa de exclusión	entrada subsana ción causa de exclusión
1	Alonso Justo, Leticia	5*1*3*2*D	c)	24-abr.-2026	2026 - E - RC - 1956
2	Fuentes Pérez, Ainhoa	4*1***30P	i)	23-abr.-2026	2026 - E - RC - 1936
3	Porto Barral, Leticia	**989*3*K	g)	22-abr.-2026	2026 - E - RE - 822
4	Rodríguez Simeón, María	7*7***49S	i)	22-abr.-2026	2026 - E - RC - 1905

**Segundo.-** Rexeitar a emenda presentada pola persoa aspirante que figuraba como excluída na Listaxe provisional de admitidos e excluídos ao Proceso de selección de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV), de acordo coa seguinte relación:

	Apelidos e nome	NIF aleatorio	Causa de exclusión	Data subsana ción causa de exclusión	Rexistro de entrada subsana ción causa de exclusión
1	Alonso Prieto, Lorena	**45*2*7W	h)	22-abr.-2026	2026 - E - RE - 820

Fundamentado no artigo 5.2 das bases que rexen o proceso selectivo de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV), que literalmente di:

*“En ningún caso o pago da taxa dos dereitos de exame ou a xustificación da concorrencia de causa de exención no pago suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude específica de participación no proceso selectivo.*

*Non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables á persoa interesada.”*

A referida aspirante achega o xustificante do pago da taxa por dereitos de exame para a participación nas probas selectivas da presente convocatoria fora do prazo establecido para a presentación da solicitude de admisión a probas selectivas esixido nas bases da convocatoria (23.03.2026).

**Terceiro.-** Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

- Aspirantes admitidos:

	Apelidos e nome	NIF aleatorio	Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega
1	Alonso Justo, Leticia	5*1*3*2*D	Non





**CONCELLO  
O PEREIRO DE AGUIAR**

2	Álvarez Des, Mirian	7**35*8*Z	Si
3	Barreiro Vázquez, Diego	**71*1*3Y	Si
4	Benito Ojea, Paula	**479*3*N	Si
5	Bustillo Álvarez, Begoña	**46*2*7P	Si
6	Cachaldora Rivera, Vanesa	*4*9*2*5S	Si
7	Carballo García, Yago	**66*9*3T	Si
8	Carid González, Iris	***475*2C	Si
9	Castaño Martín, Yaiza	3*2*3*2*Q	Non
10	Cid Lorenzo, Angélica	4*4**04*S	Si
11	Enríquez González, Ainoa	**14*0*7T	Si
12	Fernández Pérez, Aranzazú	***772*3C	Si
13	Fuentes Pérez, Ainhoa	4*1***30P	Si
14	Gómez Saavedra, Natalia	3**85*2*A	Si
15	Gómez Sánchez, Sonia	4*4*3*5*L	Si
16	González Areas, Marta	***771*8F	Si
17	González Carrete, María Cristina	*4*3*2*3F	Si
18	Martínez Álvarez, Eduardo	7*3***35P	Non
19	Meno Morales, Sabela	**66*4*1C	Si
20	Pato Cancelas, Lúa	4**95*1*J	Si
21	Pedreira Gómez, Patricia	4*4**26*T	Non
22	Penedo González, Rebeca	4**55*9*W	Si
23	Pérez Pato, Candela	4*1**70*E	Si
24	Pérez Pérez, Nerea	**48*4*2W	Si
25	Pombar Gómez, Martín	*4*6*0*0H	Si
26	Porto Barral, Leticia	**989*3*K	Si
27	Rey Álvarez, Alda	4*4***15W	Si
28	Rodicio González, Lucía	4*6*3*9*K	Si
29	Rodríguez López, María Isabel	*2*8*5*0W	Si
30	Rodríguez Simeón, María	7*7***49S	Si
31	Rodríguez Viúdez, Sonia	**97*7*9Gs	Si
32	Silva Fernández, Julia	4**65*9*L	Non
33	Suárez Gutiérrez, Gisett	5*3***77J	Non

• Aspirantes excluídos:

	Apelidos e nome	NIF aleatorio	Causa de exclusión	Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega
1	Alonso Prieto, Lorena	**45*2*7W	h)	Non

Causas de exclusión (Art. 6º das bases):

- a) Non achega o Anexo I.- Modelo de instancia.

**RESOLUCIONS DE ALCALDIA**  
Número: 2026-0499 Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 3W9DCC77FA4DRK3H5NEFKSRZN  
Corrección: <https://concellospereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6





- b) Non achega fotocopia do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- c) Non achega fotocopia do título esixido ou resguardo de ter abonado os dereitos para a súa expedición (artigo 4º).
- d) Non achega, de ser o caso, copia cotexada do certificado do grao de discapacidade.
- e) Non achega acreditación do coñecemento da lingua galega (artigo 10º).
- f) Non achega declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo II das presentes bases.
- g) Non achega o ANEXO IV: Autorización para o acceso aos datos do rexistro central de delinquentes sexuais.
- h) Non achega xustificante do pago da taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº 288 do 17-12-2014).

A ausencia de xustificación do abono da taxa por dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de emenda, determinando a exclusión da persoa aspirante.

Non achega a documentación acreditativa de estar nalgunha das causas de exención do aboamento da taxa, debe acreditar o pago da taxa ou a exención no pago desta.

- i) Non achega documentación acreditada dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.
- j) Presentación da solicitude de admisión a probas selectivas esixido nas bases da convocatoria fora de prazo.

**Cuarto.-** As persoas aspirantes que non posúan o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixe nas bases específicas deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de trinta (30) minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo órgano de selección acorde ás características funcionais do posto de traballo convocado.

A proba terá lugar o mesmo día que se realicen os exercicios da fase de oposición, estando obrigados a realizala aquelas persoas aspirantes que non acrediten a súa exención, e cualificarse como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento da lingua galega non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa aspirante será excluída do proceso selectivo.

**Quinto.-** O tribunal que vulgará as probas selectivas terá a seguinte composición (Art. 8º das bases):

Membros	Identidade
Presidente/a	Alejandro Martínez Sánchez
Suplente	Marina Sara González Soto
Secretario/a	Sara González Prieto
Suplente	Concepción Bolaño Nóvoa
Vogal	Ana Gómez Vázquez
Suplente	Ana Isabel Labrador Belmonte
Vogal	Yajaira Lage Blanco
Suplente	Sonia María Nespereira Rodríguez
Vogal	Mª del Pilar Conde Lorenzo
Suplente	Brais Rúas Devesa

**Sexto.-** Fixar a sesión constitutiva do tribunal sinalado no punto anterior o vindeiro día 29 de maio de 2026, ás 11:50 horas, nas instalacións do Centro de actividades para maiores Os Gozos do Concello





do Pereiro de Aguiar (Caserío Gozos, 9, 32792 Os Gozos O Pereiro de Aguiar Ourense).

**Sétimo.-** Sinalar o vindeiro día **29 de maio de 2026, ás 12:00 horas**, nas instalacións do Centro de actividades para maiores Os Gozos do Concello do Pereiro de Aguiar (Caserío Gozos, 9, 32792 Os Gozos O Pereiro de Aguiar Ourense), para a realización da seguinte proba (Art. 9º das bases):

- Ás 12:00 horas para a realización do **primeiro exercicio** de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en contestar por escrito a un máximo de 20 preguntas tipo test, máis 5 preguntas de reserva, con respostas alternativas, sendo só unha delas correcta, que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, en relación ao contido total do temario que acompaña a esta convocatoria.
- O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.
- Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 6 puntos, necesitando un mínimo de 3 puntos para aprobar.
- As respostas non contestadas non terán valoración.
- As respostas erróneas non penalizan.

**Oitavo.-** Sinalar o vindeiro día **29 de maio de 2026, ás 13:00 horas**, nas instalacións do Centro de actividades para maiores Os Gozos do Concello do Pereiro de Aguiar (Caserío Gozos, 9, 32792 Os Gozos O Pereiro de Aguiar Ourense), para a realización da seguinte proba (Art. 9º das bases):

- Ás 13:00 horas para a realización do **segundo exercicio** de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá na realización dun suposto práctico sobre as funcións propias do posto de traballo, que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, en relación ao contido total do temario que acompaña a esta convocatoria.
- O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.
- Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 6 puntos, necesitando un mínimo de 3 puntos para aprobar.

**Noveno.-** Sinalar o vindeiro día **29 de maio de 2026, inmediatamente despois de finalizado o segundo exercicio**, nas instalacións do Centro de actividades para maiores Os Gozos do Concello do Pereiro de Aguiar (Caserío Gozos, 9, 32792 Os Gozos O Pereiro de Aguiar Ourense), para a realización da seguinte proba (Art. 10º das bases):

- As persoas aspirantes que non posúan o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixe nas bases específicas realizarán a proba de galego de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá na tradución directa dun texto do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos, elixido polo tribunal e acorde ás características funcionais do posto de traballo convocado.
- O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.
- A cualificación será como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento da lingua galega non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa aspirante será excluída do proceso selectivo.

**Décimo.-** As persoas aspirantes deberán comparecer provistos da seguinte documentación e material:

- DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade
- Bolígrafo

As persoas aspirantes serán convocadas para a realización dos exercicios en chamamento único. A incomparencia ao chamamento implicará a cualificación dos exercicios con 0 puntos, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo órgano de selección.





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Non se permitirá o acceso ás instalacións nas que se realicen os exercicios con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización dos exercicios. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión da persoa aspirante da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

Respecto das persoas aspirantes que acrediten o grao de discapacidade, determinaranse as adaptacións necesarias en tempo e medios que fagan constar na súa solicitude de participación no proceso selectivo. A adaptación de tempos consistirá na concesión dun tempo adicional para a realización dos exercicios e levarase a cabo conforme ao previsto na Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

**Décimo primeiro.-** Publicar a presente Resolución de relación definitiva de admitidos e excluídos, no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello <http://concelloperero.sedelectronica.gal>, nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

**Décimo segundo.-** Dar traslado da presente Resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**Décimo terceiro.-** Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor – Tesoureiro dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor – Tesoureiro,  
Alejandro Martínez Sánchez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**RESOLUCIONES DE ALCALDIA**  
Número: 2026-0499 Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 3W9DCC77FA4DRK3H5NEFKSRZN  
Corrección: <https://concelloperero.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

